



O alcalde de Pontevedra participará nunha mesa redonda sobre mobilidade e seguraza viaria na cidade de Bastia

## O Concello de Pontevedra, referente tamén en Córcega

Os nacionalistas corsos veñen de convidar ao Concello de Pontevedra a unha conferencia sobre mobilidade e seguraza viaria que terá vindeiro 15 de xaneiro na cidade corsa de Bastia. Transcribimos parte da carta enviada ao alcalde de Pontevedra na que se enumeran os motivos polos que Pontevedra é referente para Córcega.

*Somos representantes na Assemblée de Corse (11 representantes dende 2010, 26% dos votos) nunha coalición nacionalista chamada Femu a Corsica á que pertence o eurodeputado de Córcega, François Alfonsi, membro da ALE e que vostede coñeceu con motivo da súa visita á Pontevedra o pasado mes de febreiro.*

*Tamén somos conselleiros eleitos no Conseil municipal de Bastia (5 representantes dende 2008, 25% dos votos) nunha coalición chamada Inseme per Bastia. Este reagrupamento está comprometido para as vindeiras eleccións municipais que se van celebrar en marzo de 2014. A nosa dinámica política é moi boa e cremos que podemos liderar esas eleccións. Tamén, posicionámonos na capacidade de xestionar a vila de Bastia (44.000 habitantes) e temos un programa ofensivo en todos os eidos.*

*Antes de empezar a campaña oficial, queremos profundizar a nosa reflexión sobre a prioridade do noso proxecto, baixo a forma de conferencias sobre temas concretos. Recientemente organizamos unha sobre o tema da animación nocturna nas vilas e a problemática comercial que dela resulta, baixo os parâmetros do benestar da poboación e o ánimo da convivência conxunta.*

*Estamos moi interesados na posta en marcha dunha rede e nas experiencias realizadas a nivel europeo. O vindeiro 15 de Xaneiro organizamos en Bastia unha conferencia sobre o tema da intermodalidade de transportes e a seguridade urbana. E nese marco, é no que estaríamos moi honrados de trasladarlle este convite e de contar con vostede como convidado.*

*Contactamos a Intermodes en Bruxelas, así como a comuna de Fribourg (pola experiencia do bairro Vauban) e estamos moi interesados, e mesmo entusiasmados pola experiencia de Pontevedra e seu concepto de seguridade urbana, así como polo proxecto de «Metrominuto», unha revitalización urbana que permitiu revitalizar o centro histórico.*

*Plataforma multimodal, parkings na periferia, peatonalización e/ou priorización ao peatón, carshering, reapropiación do espazo público, etc... as experiencias realizadas en termos de intermodalidade van estar no corazón do tema do coloquio que se vai celebrar en Bastia. E, para nós, Pontevedra sería a convidada principal.*

*En efecto, a experiencia que vostede promoveu, o método empregado, a transformación que foi necesario poñer en marcha, as dificultades atopadas para chegar a ese obxectivo, os resultados acadados en termos de revitalización do comercio e de atracción turística, é o que máis nos interesou para convidalo.*

**Páx 2-3**  
**2014: ano de reivindicación feminista**

**Páx 4-6**  
**SOUTOMAIOR:**  
**PXOM**

**Páx 7**  
**ACTIVIDADE CULTURAL:**

**CONTRACAPA:**  
**Homenaxe a Castelao**

## 2014: ano de reivindicación feminista

Estamos a vivir nuns momentos terribles de ataque da extrema dereita española, organizada no Partido Popular, contra os dereitos das mulleres. Estas agresións maniféstanse na aprobación da nova Lei do Aborto ou nas políticas desenvolvidas polos gobernos de Madrid e Santiago propias de estados teocráticos.

Pola contra, o BNG ten incorporado o feminismo como un dos seus principios ideolóxicos, xa que só teremos unha Galiza xusta e soberana se todas as persoas gozamos dos mesmos dereitos.

Así pois, a Xusta de Goberno do Concello de Pontevedra aprobou o luns 30 de xaneiro dúas resolucións que reafirman estes principios dos que nos dotamos no Bloque, unha esixindo a retirada do Proxecto de Lei do Aborto e outra condeando o asesinato machista ocorrido día atrás no veciño concello de Marín.

Polo seu interese reproducimos un artigo publicado pola membro da Executiva Nacional, Goretti Sanmartín na edición dixital de Sermos Galiza, e que leva por título 2014: ano de reivindicación feminista.

*Comeza un novo ano e o debate sobre a reforma da lei do aborto será un dos temas centrais do debate social e político despois de o goberno de Mariano Rajoy pór riba da mesa un anteproxecto que elimina a liberdade de elección das mulleres para decidiren se/cando quixeren ser nais. O tema non é menor, pois ten moitas e moi variadas repercusións nas nosas vidas, nas vidas do conxunto da cidadanía, non só das mulleres, nin tan sequera do grupo de mulleres que puideren ter que tomar unha decisión ao respecto.*

*O simple feito de introducir este debate neste momento non pode separarse dunha longa tentativa de reforzar vellas e rancias concepcións sobre os papeis que mulleres e homes han de cumprir na sociedade. Hai quen pensa que se trata de manobras de distracción sobre os problemas reais da sociedade actual. Moi ao contrario, estamos ante unha peza dunha engrenaxe precisa para este sistema e nesta conxuntura actual, perfectamente integrada nunha xa moi longa ringleira de normas para destruír as conquistas sociais co obxectivo de consolidar algúns retrocesos de maneira definitiva. Non é, pois, un aspecto marxinal, non se trata unicamente dunha concesión aos ditados dos sectores máis reaccionarios da Igrexa, institución contra a que ás veces diriximos todos os dardos posíbeis, secundarizando as responsabilidades políticas. Estamos a falar dunha privación de dereitos necesaria para o sistema, útil no modelo económico que se diseña, central na perda de dereitos democráticos e no control de corpos e... mentes.*

*A volta aos valores tradicionais é unha obsesión da dereita, que vén observando con pavor as consecuencias dunha toma de consciencia sobre a dignidade de todos os seres humanos. Para alén da aposta pola segregación por sexo nas aulas, o grao máximo desta ofensiva está na eliminación da posibilidade de se beneficiaren lesbianas e mulleres soas da reprodución asistida. Até aí poderíamos chegar, fillas e fillos sen pai, por elección, e na Sanidade pública!, co tratamento dun dereito, non como unha excentricidade na marxe das doenzas. Está, pois, en xogo o longo camiño de tentarmos, xa demasiado paseniñamente, que se recoñezan como políticas e públicas algunhas cuestións reservadas tradicionalmente ao ámbito privado, tamén a violencia contra as mulleres, con renovadas xustificacións e argumentos moi perigosos (a crise, demasiada liberdade, a desestruturación social, agora as mulleres non aguantan nada...)*

*Mais tamén esta nova lexislación afonda nas desigualdades sociais, recupera a fenda existente entre aquelas mulleres que poden desprazarse e acudir a outros lugares e as que terán que se conformar con prácticas clandestinas e riscos para a súa saúde e a súa vida. Resulta dunha indignidade escan-*

*tomar esta decisión con todos os datos que posuímos e que demostran que non se reducirán os abortos, senón que se producirán fóra ou en peores circunstancias. O fío de relación co intento da dereita de librar-se de ver pobres ou músicas/os nas rúas convértese nun groso adival. E a crueldade tórnase evidente ao teren as mulleres que se desprazan a espazos alleos, moitas veces en soidade, a agrandar a idea do delito de ser muller, invisíbel, ilegal.*

*Esta proposta lexislativa suporá unha modificación substancial das condicións de vida de moitas mulleres, o regreso ao medo, a sermos cidadás de segunda e a nós propias nos responsabilizarmos das discriminacións existentes nun sistema patriarcal que o feminismo denuncia na súa cerna máis profunda. Ataca radicalmente a idea de actuarmos como suxeitos libres.*

*Por iso este é un momento óptimo para facermos realidade ese desexo de se sumaren ao feminismo moitas voces, masculinas e femininas, que teñen que aprender a partillar o común de todas as reivindicacións das diferentes formas de practicar e de conceptualizar o feminismo. Porque non só se trata de saírmos á rúa a defendermos o dereito a decidir para as mulleres. De feito, hai mulleres que non van ter que se someter a un aborto por diferentes razóns e mesmo existen as que queren ter ese dereito sabendo que a súa decisión basculará cara ao non. Mais a opción ten de existir. Está en xogo moito máis que o dereito das mulleres a decidiren sobre o seu corpo, a súa maternidade e os momentos para ela (de incluíren esa posibilidade como opción), que non é pouco. Está enriba da mesa unha involución que pretende mudar este modelo para asentar definitivamente un sistema baseado en profundas dominacións (de clase, de xénero, de territorio, de lingua...) cuxos obxectivos principais son incluír cada vez máis xente no caixón de persoas oprimidas, desarticular as loitas colectivas a través do sometemento, da resignación, do silencio e dun empeoramento substancial das condicións de vida da inmensa maioría da poboación.*

*Velaquí unha potente razón para todas as persoas daren un paso e procurar pórse na pel das outras e para, por unha vez e para sempre, atreverse a procurar a identificación no diferente. En máis dunha ocasión, despois de lles entregar a algúns homes para ler en actos públicos poemas con voces de mulleres disidentes, houbo algúns que me solicitaron poder ler textos distintos, por non se identificaren con eles (no caso de Rosalía -que alguén podería citar como exemplo contrario- iso rómpese, porque aínda tendo unha actualidade que estremece, ao coñecermos os textos facemos inmediatamente un exercicio de evocación ao pasado, distanciámonos).*

*Xulgo que hai veces en que, a pesar de partillaren o espírito xeral das protestas, existe un grupo importante de persoas (homes e mulleres) que fican na casa nas convocatorias feministas tamén por non se identificaren con todas as consignas que alí se escoitan e pensar que se trata de loitas parciais. Non se decatan de que outras que estamos alí tamén podemos non partillar completamente todos e cada un dos lemas e que o feminismo, por fortuna, goza de moita heteroxeneidade no seu interior. Respetar (e fomentar) a diversidade foi sempre unha máxima dese movemento complexo e ateigado de matices. O feminismo non pode domesticarse porque as lentes violeta mudan de maneira radical o noso xeito de percibir a realidade. A súa capacidade de provocación e de chamamento á acción directa é perfectamente conciliábel co recoñecemento de precisarmos reforzar as perspectivas colectivas, xustamente para garantirmos que estamos na mesma loita global, no mesmo proceso de insubmisión.*

*Para alén da valentía de grupos de cristiás de base que se opoñen con forza a esta decisión do PP, este ano 2014 ten de ser o ano en que o feminismo traduza a potencialidade da súa enerxía transformadora nun incremento moi significativo de voces a reclamaren na rúa dereitos e liberdade. Porque non só vai con elas, coas mulleres que deben posuír o dereito a tomaren unha decisión sobre abortar ou non nos próximos anos. Vai connosco, con todas as persoas que non a teremos que tomar. Porque queremos vivir nun mundo libre e xusto e sabemos que iso só será posíbel no escenario non patriarcal que continuaremos a construír.*



# O PP aproba un Plan de Urbanismo que desfai Soutomaior

Vense de aprobar inicialmente, cos votos do PP, o PXOM de Soutomaior, que de aprobarse definitivamente suporía a desfeita de Soutomaior. As súas principais características son:

## Opaco, falta de consenso e chapuceiro

- O PXOM que pretende impor o PP en solitario non foi consensado nin cos veciños, nin coas asociacións, nin cos representantes lexítimos dos veciños e veciñas. Trátase dun documento elaborado en solitario polo PP que emprega a súa maioría absoluta para favorecer os seus propios intereses.
- No seu afán de perpetrar esta desfeita Agustín Reguera, chegou mesmo a impedir que os veciños tivesen acceso a o PXOM durante todo o ano anterior á súa aprobación inicial.
- Está mal paxinado, cheo de faltas de ortografía, incompleto. A falta de rigor é a chapuza que supón este PXOM evidencian as intencións do PP cun documento que nos custará ente 100.000 e 200.000 euros.

## Favorece aos de sempre

- Unha vez máis o PP actúa en favor dos intereses de sempre, prexudicando aos veciños que se ven na obriga de gastar o seu tempo e o seu diñeiro en alegacións, avogados, etc.

## Reduce a edificabilidade até a mínima expresión

- Unha das principais características deste PXOM é que os núcleos edificables foron reducidos até o ínfimo. Estamos a falar de centos de parcelas e propiedades nas que non se poderá facer absolutamente nada. Unha redución que só beneficia a aquelas persoas que teñan interese en vender pisos.

## Sementa o concello de Áreas de Reparto

- Só en Arcade chantaron 14 áreas de reparto. Isto é grandes superficies nas que os veciños “deixan de ser propietarios” das parcelas, para ser “accionistas” do total da superficie. Ademais son os propios veciños os que terán que pagar os servizos e as infraestruturas (auga, alumado, beirarrúas, estradas) se quixeren edificar. Estas áreas de reparto endurecen tanto as condicións para a construción que fai que na práctica sexa imposible edificar.

## Arruína a centos de veciños

- Outra das calificacións do solo é a de espazos libres privados, isto é lugares onde non se pode construír practicamente nada (apenas garaxe soterrado). Existen no concello ducias de veciños con parcelas valoradas en importantes cantidades de diñeiro que hoxe non valen para nada por pasar a ser Espazo libre privado.

## Ducias de vivendas quedan fóra de ordenación

- Tanto ten que os veciños pagaran os impostos ou as licenzas para as súas vivendas. Con este PXOM, o PP de Soutomaior fai que moitísimas propiedades vexan como o seu valor cae polo chan debido a que quedan fóra de ordenación.

# O PP pon trabas á construción no rural

Un dos aspectos que máis chama a atención con deste Plan de Urbanismo é o seu nivel de restrición e de interferencia na edificabilidade das parcelas. Aquí van algunhas das obrigas que teremos que asumir de se aprobar definitivamente este PXOM:

## No núcleo histórico tradicional

- A parcela mínima será de 300 metros cun fronte á vía pública de 10 metros e sendo imposible parcelar calquera terreo en máis de tres parcelas.
- A ocupación máxima da parcela será do 50%
- As edificacións principais terán que ser de forma rectangular alongada e de 100 m<sup>2</sup> como máximo.
- A edificabilidade da parcela será do 0,55
- Os locais comerciais non poderán exceder os 200 m<sup>2</sup>.
- En xeral non se permiten os balcóns
- Queda prohibido empregar os sotos para garaxe
- Queda prohibido construír semisotos
- Prohíbense os tellados a 4 augas.
- Prohíbese calquera pedra que non sexa similar á granítica de gran fino moreno galego.
- Prohíbense as persianas exteriores

## No núcleo de solo común

As condicións de construción no solo común, agás algunhas modificacións en balcóns, sotos etc, serán similares as anteriores pero cos seguintes criterios:

- Parcela mínima 600 m<sup>2</sup>
- Edificabilidade máxima 0,40m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>
- Fronte mínimo 8 metros.
- Retranqueo a lindeiros 3m.

## Agustín Reguera antepón os intereses do Partido aos intereses dos veciños máis pretende facernos crer que isto non vai con el

### A excusa da LOUGA

En todas as notas de prensa que o goberno do PP envía aos medios, repítese case como un mantra un retrouso inquedaante: "teranse en conta as alegacións QUE ESTEAN DENTRO DA LOUGA". Esta é unha lei elaborada polo PP nos tempos da burbulla e que trouxo como consecuencias a dificultade para construír no rural para garantir o negocio dos especuladores coa venda de pisos.

Cando o PP repite aquilo de "dentro da LOUGA" non pretende máis que botar balóns fóra para non asumir a súa responsabilidade ante os veciños. Resulta entre curioso e vergoñento que Agustín Reguera esqueza de súpeto que a LOUGA foi unha lei feita polo PP, que esqueza que o goberno local defendeu esa lei, e que mesmo fixeron apoloxía do

Conselleiro e o goberno que aprobou esa lei demoledora para o noso rural.

Con esa trampa o PP pretende ocultar que este PXOM endurece moitísimo as xa de seu durísimas condicións que se establecen na nomeada lei do chan. Trátase dun PXOM que dinamita a construtividade en Soutomaior, que suporá perdas económicas importantísimas para moitos veciños, que non contempla unha orde urbanística racional e que non ten máis interese que favorecer aos de sempre. E eles mesmo demostran que así é cando poñen a venda antes da ferida.

## O PP impón un modelo de alegacións ilegal que dificulta o dereito dos veciños a defenderse

O PP de de Soutomaior colgou na páxina web do concello un documento para efectuar alegacións que non contempla moitísimas das casuísticas que se dan neste PXOM. Máis por se isto fose pouco, na propia alegación fan constar a seguinte nota:

*"NOTA: a) As alegacións referidas a emprazamentos concretos que non acompañen referencia catastral ou planos do PXOM, ou PLANO CATRASTAL, non se considerarán válidas."*

Con esta medida o PP dificulta a presentación de alegacións dos veciños, que temerán presentar documentación e/ou cartografías diferentes ás que impón o PP. Trátase a todas luces dunha medida ilegal que atenta contra non só contra os veciños e veciñas senón mesmo contra Lei de procedemento administrativo. Supoñemos que isto é o que o PP entende por transparencia.





## Cantos na Maré

Este sábado, día 11, terá lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra unha nova edición de Cantos na Maré, o grande festival da lusofonía, que este ano xira arredor da figura de Rosalía de Castro.

Este ano contará coas actuacións de Amancio Prada, Vitor Ramil, Gabriela Mendes, Luiz Caracol e Xosé Manuel Budiño.



## 15 anos de "Domingos do Principal"

Domingos do Principal, o ciclo de teatro infantil e familiar promovido polo Concello de Pontevedra, regresa un ano máis para achegar aos máis pequenos ás artes escénicas.

Nesta ocasión serán sete os espectáculos que formarán parte dun ciclo que se estenderá do 19 de xaneiro ao 9 de marzo, cunha única pausa, o 2 de marzo ao coincidir co entroido. Todos eles representaranse, como vén sendo habitual, no Teatro Principal en dobre sesión, ás 12.00 e ás 18.30 horas. Haberá ademais sesións concertadas para os centros escolares os luns pola mañá.

Xa están á venda os abonos para todas as sesións ao prezo de 16 euros. As entradas individuais para cada espectáculo poderanse adquirir ao prezo de 4 euros.



## Concerto de Ana Moura no Principal

Ana Moura, unha das principais fadistas de Portugal, presentará o vindeiro 25 de xaneiro ás 21 h. o seu último disco "Desfado", no Teatro Principal de Pontevedra, dentro do ciclo "imperdibles".

As entradas á venda en servinova teñen un custe de 18€+ gastos. Estarán tamén á venda o mesmo día do espectáculo unha hora antes na billeteira do Teatro.



## Exposición TERRA E PAPEL de Fonso Castro

Até o 9 de febreiro está aberta na sala de exposicións do Pazo da cultura a exposición Terra e Papel de Fonso Castro, en horario:

De martes a venres de 17 a 21h  
Sábados de 11 a 14 e de 17 a 21h  
Domingos e Festivos de 11 a 14h

Trátase dunha actuación artística sobre Cantares Gallegos de Rosalía de Castro, que viu a luz en 1863, Vigo. Esta colección de obras está dividida en catro grupos: libro escultura, encadernacións artísticas, instalacións e libro de artista. En todas as obras están os poemas que Rosalía escribiu para a primeira edición, tamén chamada "edición príncipe", de Cantares Gallegos.

Os títulos das obras fan referencia a versos dos poemas e buscan incitar o espectador a ler e rerele a obra de Rosalía.



# ACTO NACIONAL HOMENAXE A **CASTELAO**

Roteiro político, literario e musical.

Rianxo, 11 de xaneiro, ás 12,30 h., diante do concello.

